

Nome:

curso

A IDADE MEDIA

INTRODUCCIÓN

Coa desaparición do Imperio Romano de Occidente no ano 476 d. C. comeza o período denominado **Idade Media** (séculos V -XV). Dentro destes dez séculos de historia podemos distinguir dúas grandes etapas:

• **Alta Idade Media** (s. V a X). No espazo europeo antes ocupado polo Imperio Romano de Occidente diversos feitos (invasións xermánicas, inseguridade, cambios económicos...) orixinan unha sociedade ruralizada, de carácter autárquico, na que apenas hai lugar para a vida urbana e para o comercio. Xa non existe un Estado centralizado, e o poder vai a fragmentarse e a ser exercido por un grupo minoritario, a nobreza laica ou eclesiástica (posuidora da terra) que controlará nesta época ao resto da sociedade, formada maioritariamente por campesiños. Esta situación será xustificada por teorías emitidas pola Igrexa.



· **Baixa Idade Media** (s. XI a XV). Nesta fase a situación descrita no parágrafo anterior comeza a cambiar: lentamente reaparece a vida urbana e o comercio e con eles xurde un novo grupo social, a burguesía, que progresivamente irá consolidando a súa importancia. Paralelamente tamén se inicia un lento proceso polo que a nobreza irá perdendo poder a favor dos monarcas, pero para a súa culminación haberá que agardar a Idade Moderna. Desde un punto de vista económico, e a pesares do ascenso da burguesía, a actividade á que se adica a maior parte da poboación é a agricultura.

Todo isto é válido para a Europa Occidental, pero fóra dela temos que ter presente a pervivencia do Imperio Romano de Oriente (Imperio bizantino) ata o século XV. A súa historia é a dunha progresiva redución territorial como consecuencia dunha nova cultura que xorde no s. VII e que vai a acadar unha extensión enorme por Asia, África e parte de Europa: o Islam, que rematará xa na Idade Media por fragmentarse en diversas unidades políticas.

Para a Península Ibérica a Idade Media será un período de grande intensidade histórica pola presenza de tres grandes culturas que alternarán a convivencia co conflito: Cristianismo, Islam e xudaísmo.

OS REINOS XERMÁNICOS E O COLAPSO DO IMPERIO DE OCCIDENTE

Máis aló das fronteiras romanas en Europa, situadas ao Leste do Rhin e ao norte do Danubio, estaban asentados distintos pobos, coñecidos co nome xenérico de “xermánicos” e denominados *barbari* (estranxeiros) polos romanos. Aínda que estes pobos tiñan orixes diversas, podemos sinalar unha serie de características comúns:


- **Economía autosuficiente**, baseada na agricultura itinerante e na gandería, por iso tiñan formas de vida seminómadas.
- Certa **estratificación social** que establecía varios grupos, desde unha nobreza de carácter guerreiro ata escravos.
- Organización política baseada nunha **assemblea de guerreiros** que tomaba as grandes decisións e que **elixía aos reis** ou xefes da tribo.
- Cultura moi vencellada a **tradicións de tipo oral**, cunha relixión politeísta caracterizada por divindades que encarnaban as forzas da natureza.

AS INVASIÓNS BÁRBARAS.

OS REINOS XERMÁNICOS.

Coa crise do Imperio, desde comezos do s. III d. C., moitos destes pobos xermánicos comezaron a traspasar as fronteiras romanas. Foi o proceso denominada “invasións bárbaras,” e que estivo motivado por distintos factores: cambios climáticos nas zonas de procedencia, empuxe doutros pobos situados máis ao leste, busca de botín...

A comezos do s. V, as invasións incrementáronse, de xeito que casi todo o territorio occidental do Imperio estaba xa ocupado por numerosos pobos. Un deles acabou co derradeiro emperador de Roma, co que conclúe o Imperio Romano de Occidente (ano 476).



Desde o s. VI, o mapa europeo quedou fragmentado en diversos espazos políticos. Trátase dos distintos “reinos xermánicos” constituídos por algúns destes pobos. Destacaron os establecidos polos ostrogodos (na actual Italia), os francos (Francia, parte de Alemaña, Países Baixos e norte de Italia), os vándalos (norte de África) ou os visigodos (Península Ibérica).

Esta situación culmina cando, en torno ao ano 800, o rei franco **Carlomagno** unifica diversos territorios do centro de Europa (Francia, parte de Alemaña, Países Baixos, norte de Italia) e é coroado emperador do denominado Sacro Imperio Romano Germánico. Con isto pretendía recuperar a unidade do Imperio romano, integrando as aportacións xermánicas; pero o Imperio apenas sobreviviu a



Carlomagno: os seus descendentes remataron por repartirse o territorio no Tratado de Verdún (843)

ACTIVIDADES

- 1.- ¿Que feito marca o inicio da Idade Media? Cando ten lugar?

- 2.- Sitúa no tempo a Alta e a Baixa Idade Media e indica dous cambios que acompañen á Baixa Idade Media e un elemento que permaneza igual.

- 3.- Busca o significado de autarquía. ¿Para que período da Idade Media se emprega este concepto?

4.- Busca nun atlas os ríos Rhin e Danubio e sitúa no mapa a fronteira romana en Europa. Sitúa tamén os espazos polos que se asentaron os distintos exemplos de pobos xermánicos que aparecen citados na páxina anterior.




5.- ¿Cal era o obxectivo de Carlomagno? ¿Por que fracasou o seu proxecto?

O IMPERIO BIZANTINO

HISTORIA DE BIZANCIO

Trala desaparición do Imperio romano de Occidente, o de Oriente (Bizancio) continuou case mil anos máis. Co emperador **Xustiniano** (a mediados do s. VI) Bizancio acadou a súa máxima extensión territorial, incorporando distintas provincias do antigo Imperio de Occidente, entre elas o surlleste da Península Ibérica.

Durante toda a súa historia o Imperio pasou por distintos períodos de auxe e decadencia, aínda que a



tendencia xeral foi a súa progresiva redución. A comezos do século XV Bizancio limitábase a unha pequena zona arredor da capital, Constantinopla, que rematará por ser conquistada polos turcos no ano 1453, co que remata a historia do Imperio bizantino.

ECONOMÍA BIZANTINA.

Durante os seus momentos de esplendor, Bizancio desempeñou un importante papel económico como consecuencia da súa posición intermedia entre o mundo europeo occidental e o ámbito oriental asiático. A maior parte da súa poboación adicábase á agricultura, aínda que o comercio a longa distancia (que permitía levar ata Occidente numerosas mercadorías orientais), acadou un considerable desenvolvemento pola existencia de numerosas rutas, tanto marítimas como terrestres, polo apoio do Estado e polo frecuente uso da moeda.

CULTURA

O Imperio bizantino desempeñou un importante papel cultural. Continuando coa tradición romana, mantivo vixentes moitos dos elementos da cultura clásica, sobre todo os de orixe grega dada a súa localización na parte oriental do antigo Imperio Romano. Foron especialmente importantes as súas aportacións nos campos do dereito (Código de Xustiniano), a literatura, a filosofía e o ensino (Universidade de Constantinopla).

No aspecto relixioso o mundo bizantino rematou por romper co papado de Roma no denominado Cisma de Oriente (1054), o que deu lugar á Igrexa cristiá ortodoxa.

No ámbito artístico, o mundo bizantino conxuga unha mestura de tradicións artísticas orientais con outras romanas. As súas principais manifestacións artísticas pretenden simbolizar, a un tempo, a grandeza da corte imperial e o poder da Igrexa.

Na arquitectura destaca a **basílica de Santa Sofía en Constantinopla**, convertida en museo no s. XX tras ser mesquita desde 1453. O máis impresionante deste conxunto realizado no século VI é a súa enorme cúpula de 55 metros de altura e 31 metros de diámetro.



Dentro das manifestacións artísticas bizantinas tamén destacan pola súa grande calidade os mosaicos.

ACTIVIDADES

1.- ¿Que lle sucede ao Imperio bizantino na época de Xustiniano? Observa o mapa da páxina 5 e indica o nome de 6 países actuais polos que se estendera o Imperio bizantino.

2.- ¿Cal é a tendencia xeral dentro da historia bizantina con respecto á súa extensión territorial?. ¿Quenes poñen fin á historia bizantina? ¿En que ano?.

3.- Indica que tres factores permitiron o desenvolvemento do comercio bizantino.

4.- ¿En que consistiu o Cisma de Oriente?

5.- ¿Cales son as tendencias que se mesturan na arte bizantina? ¿Por que elemento destaca a basílica de Santa Sofía de Constantinopla?

6.- Le o seguinte texto e contesta ás preguntas:

A finais do século VI os ataques dos avaros e dos eslavos que vivían ao norte do Imperio debilitaron ao Imperio bizantino. No leste, os persas sasánidas apoderáronse de Siria, Palestina e Exipto antes de ser derrotados polo emperador Heraclio (que reinou entre o 610 e o 641), quen mantivo estes territorios baixo dominio bizantino. Este emperador introduciu reformas moi necesarias, como a substitución do latín polo grego como lingua oficial do Imperio, ou a creación duns distritos militares denominados *themes* que melloraron as defensas.

No ano 633 o Imperio bizantino foi atacado por primeira vez por un novo inimigo, os árabes musulmáns, que conquistaron definitivamente Siria, Palestina, Exipto e grande parte do norte de África.

J. HAYWOOD *Atlas histórico do mundo.*

a.- ¿Quenes eran os grandes inimigos dos bizantinos no século VI? ¿e no século VII?

b.- ¿Que emperador bizantino aparece citado no texto? Indica dous feitos polos que destacou.

O MUNDO ISLÁMICO

MAHOMA E AS ORIXES DO ISLAM

Mentres en Bizancio remataba a época de esplendor de Xustiniano e en Europa occidental desenvolvíase un proceso de ruralización, noutro ámbito xeográfico, a Península Arábiga, xurdía unha nova civilización (a islámica ou musulmana), froito da actividade de **Mahoma**.

Mahoma (570 - 632) nace na Meca, nunca familia adicada ao comercio por caravanas. Interesado na meditación e nas cuestións religiosas, chegou á convición de que o único Deus verdadeiro (Alá) o elixira para predicar a súa relixión aos homes. Adicado a esta tarefa, os primeiros intentos de Mahoma na súa propia cidade non tiñeron éxito, ata o punto de que no ano 622, perseguido polas súas ideas, tivo que fuxir á cidade de Medina. Este feito, denominado *hégira* marca o incio do calendario musulmán. Trala morte de Mahoma dez anos despois, gran parte de Arabia practicaba xa a nova relixión.

Este rápido avance das doutrinas de Mahoma e a súa ampla expansión posterior débense, dunha banda, ás características que presenta a propia relixión islámica, e, doutra banda, á debilidade dos sistemas sociais e políticos dos lugares polos que se estendeu.

A nova relixión ou **Islam** (que significa “sumisión”) atópase recollida no seu libro sagrado (o Corán). Parte dun principio básico: o monoteísmo absoluto, concretado na crenza en Alá. A él deben total obediencia os crentes. Ademais, a fe islámica posúe cinco obrigas básicas chamadas “pilares da fe:”

- Profesión de fe, concretada na fórmula “Non hai máis Deus que Alá e Mahoma é o seu profeta.”
- Oración, que debe ser practicada cinco veces ao día, e realizarse en común o venres (día sagrado para os musulmáns).
- Limosna.
- Xexún durante o mes de Ramadán (durante as horas de sol).
- Peregrinación á Meca, alomenos unha vez na vida.

Cabe mencionar que, dentro da fe islámica existirán distintos grupos que perviven na actualidade, con diferentas importantes e en ocasións mesmo enfrontados; como exemplo podemos citar os *sunníes* e os *chiíes*.

_ORGANIZACIÓN POLÍTICA.

Durante o seu primeiro século de existencia, no período de rápida expansión territorial, o mundo islámico caracterizouse, desde o punto de vista político, pola súa centralización. Mentres en Europa occidental tiña lugar unha fragmentación do poder, no ámbito musulmán as estruturas estatais acadaron unha grande complexidade.

A característica máis importante do poder político foi a súa estreita unión coa relixión. Á cabeza do Estado atopábase o **califa**, que era ao mesmo tempo o sucesor do profeta Mahoma (co que controlaba a relixión) e o máximo representante do poder público: xefe político e militar, lexislador, administrador de xustiza... Para colaborar co califa nas súas tarefas de goberno existe unha numerosa e diversificada administración central.

Dada as enormes dimensións do imperio musulmán nas súas primeiras fases, fíxose necesario dividir o territorio islámico en provincias, gobernadas por unha serie de cargos entre os que podemos suñar o **emir** (representante do califa) e o **cadí** (xuíz).

A EXPANSIÓN DO ISLAM.

Trala morte de Mahoma, como vimos, a extensión da relixión islámica proseguíu con enorme rapidez. Os seus primeiros sucesores concluíron a islamización de Arabia e conquistaron diversas provincias do Imperio bizantino. Durante o **califato da familia Omeia** (650 - 750), con capital en Damasco, a expansión levou aos musulmáns, a través do norte de África, ata a Península Ibérica (expansión en dirección oeste) e ata a India (expansión en dirección leste).



Posteriormente, trala ocupación do **califato pola familia abbasí** (750 - 1258), con capital en Bagdad, a expansión territorial detívose. Ao mesmo tempo diversas zonas do Imperio declaráronse independentes, e mesmo chegaron a xurdir outros califatos (como por exemplo Al Andalus). Rota a unidade inicial, a partires do século XIII o centro máis importante do mundo musulmán acaba situándose no Imperio turco, que pasará a ser a maior ameaza para o agonizante Imperio bizantino.

ACTIVIDADES

1.- Define os seguintes conceptos: hégira, chiees, califa, emir.

2.- ¿Por que dous causas tivo lugar unha expansión tan rápida do Islam? Indica en que dúas direccións tivo lugar a expansión do Islam, e ata onde chegaron en cada unha delas.

3.- Explica o trazo máis importante do califato omeia e do abbasí

ECONOMÍA

Nos territorios do mundo islámico a organización económica presentaba as seguintes características:

- a actividade productiva máis importante era unha **agricultura** caracterizada por un grande desenvolvemento que propiciou unha grande variedade de cultivos tanto para o consumo como para a artesanía (prantas textís). Esta actividade empregaba numerosos elementos técnicos, tales como o sistema de rego, os muíños de vento... Deste xeito, conseguíase unha produción elevada que superaba os límites do autoabastecemento. Unha parte importante dos produtos podía adicarse, polo tanto, á comercialización.

- no mundo islámico cobraron grande importancia as actividades económicas propias da vida urbana, é dicir, a **artesanía e o comercio**. As cidades, moi abundantes e poboadas, convertíronse no centro dos intercambios. Nelas localizábase o comercio local nos **zocos** (mercados), e delas partían as rutas que permitiron un comercio a longa distancia, poñendo en contacto as distintas áreas islámicas.

- toda a organización económica estaba baseada no uso da moeda, tanto de ouro (*dinar*) coma de prata (*dirham*).

_SOCIEDADE

No amplo marco do mundo islámico tivo lugar unha mestura de poboacións de distintas razas, relixións e culturas. Aínda que esta diversidade non desapareceu por completo, co paso do tempo tivo lugar unha **progresiva islamización dos habitantes**. Este feito débese tanto ás características da relixión islámica (sinxeleza e claridade de preceptos) como aos rasgos do sistema impositivo, no que os non musulmáns tiñan que pagar máis impostos.

Ademais, se atendemos á estrutura da propiedade atopámonos cunha clase minoritaria, normalmente de orixe árabe, que dirixe a administración do Estado, controla os grandes negocios artesanais e comerciais... O resto da poboación, de menor nivel económico, presenta situacións moi heteroxéneas, que van desde a ocupación en actividades agrícolas, artesanais e comerciais ata a escravitude.

_O FENÓMENO URBANO NO ISLAM.

Dadas as características da súa economía, o mundo islámico impulsou un amplo proceso de urbanización en todos os seus territorios, recurrido para iso tanto á revitalización de cidades xa existentes como á fundación doutras novas.



En xeral, a maioría das cidades musulmanas posúe unha característica común: o seu **trazado irregular**. Normalmente amuralladas, non acostuman estar planificadas, polo contrario, son froito dun crecemento espontáneo. Deste xeito moitas rúas son estreitas e sinuosas e, en ocasións, carecen de saída. As vivendas non presentan moitas aberturas cara o exterior pero dispoñen de patios interiores polos que a luz chega ás distintas estancias.


Dentro da cidade destaca o sector da **medina**, que é onde se concentran os edificios máis representativos: a mezquita, os baños públicos, os espazos comerciais (zocos) e a residencia do gobernante (alcázar, alcazaba). Tamén destacan os barrios nos que se agrupan as mesmas actividades artesanais.

Por último, como mostra da tendencia ao crecemento da poboación urbana, moitas cidades musulmanas posúen arrabais ou novos barrios, xurdidos fóra do recinto protexido polas murallas.

Entre as principais cidades medievais musulmanas podemos sinalar: Damasco, Bagdad, Samarcanda, O Cairo ou Córdoba.

_A CULTURA ISLÁMICA.

A cultura musulmana da Idade Media parte dalgúns elementos comúns: base urbana, uso do árabe como lingua literaria, influencia do



Corán. Desde estas bases destaca tamén o seu carácter integrador, xa que efectúa unha síntese das aportacións dos diversos pobos e territorios polos que se estendeu o Imperio musulmán.

Esta situación propiciou un importante desenvolvemento científico, especialmente



notable nos campos da medicina (**Al Mayusi**), a tecnoloxía (desenvolvemento e perfeccionamento de instrumentos como o astrolabio, básico para a navegación) e as matemáticas (por exemplo a difusión do sistema de numeración indio, que substituíu ao romano; e destacaron matemáticos

como **Al Juarismi**). Por outra parte asistimos tamén a un enorme desenvolvemento das artes, destacando a música e a literatura (na que podemos sinalar a importancia de poetas como **Omar Khayyam**).

Finalmente, debe terse en conta que, pola súa situación xeográfica, o mundo musulmán serviu de **ponte entre as aportacións culturais de Oriente e Occidente**, relacionando e integrando elementos culturais de civilizacións como a china, a india, a persa ou a grega.



ACTIVIDADES

- 1.- Explica por que a agricultura islámica estaba moi orientada ao comercio.
- 2.- Define os seguintes conceptos: zoco, dirham, medina, alcázar
- 3.- ¿Por que tivo lugar unha islamización da sociedade nos territorios dominados polos musulmáns?
- 4.- Indica que campos destacaron na cultura islámica.

A EUROPA FEUDAL

ORIXES E CARACTERÍSTICAS DO SISTEMA FEUDAL

Coa desaparición do Imperio de Carlomagno esténdese por Europa occidental (coa excepción de Al Andalus) o sistema feudal, do que podemos suñar tres características esenciais:

- No aspecto político ten lugar unha grande **descentralización** do poder. Aínda que seguiron existindo monarquías, na práctica desapareceu o Estado como conxunto de institucións que regula a vida social, substituído polo fortalecemento dos vencellos de dependencia persoal. Mediante eles, a nobreza asegúrase o control dos campesiños. O nobre convértese en “señor:” non só posúe terras, senón que ademais goberna a quenes viven nelas (servos ou vasalos).

Esta situación culmina unha tendencia iniciada a finais do Imperio romano, cando o clima de inseguridade propicia a ruralización: as cidades decaen e a poboación vive dispersa nos campos.

- Como consecuencia, a organización social caracterizouse por estar artellada en grupos pechados (ordes ou estamentos) aos que se pertencía por nacemento baseados no privilexio(herdanza da condición paterna): nobreza e clero. O terceiro estamento era o campesiñado.

- Na economía hai un predominio absoluto das actividades do sector primario (agricultura e gandería), completadas pola realización de actividades artesanais destinadas a satisfacer a necesidade de certos produtos (apeiros agrícolas, mobiliario, roupa...)

O FEUDO, UNIDADE BÁSICA DE PRODUCCIÓN

Aínda que nalgúñas zonas europeas continuou a existir a pequena propiedade libre ou *alodio*, gran parte do continente presenta o feudo ou señorío como unidade básica de produción. Trátase habitualmente de un latifundio propiedade dun nobre para o que traballan campesiños que teñen, con respecto a él, diversos graos de dependencia persoal. Estes consisten basicamente en obedecer e traballar para él, a cambio de protección e axuda. Normalmente o feudo estaba dividido en tres partes:

- A **reserva** ou zona directamente adiministrada polo señor, na que residía e onde traballaban campesiños sometidos a servidume.

- Os **mansos**, ou parcelas entregadas a campesiños libres para a súa explotación. A cambio, estes deben entregar ao señor parte dos produtos agrícolas e gandeiros e realizar

determinados traballos durante todo o ano para o nobre. Ademais, os campesiños residentes no feudo están sometidos ao pago de determinados impostos, tales como os existentes polo uso de camiños, pontes, muíños...

A **zona común**, constituída polos bosques, montes e prados. Trátase dunha área de explotación colectiva, non cultivada, adicada a actividades complementarias da agricultura: pastoreo, recolección de determinados produtos (madera, frutos silvestres, caza)...



A economía acadaba un alto grao de autosuficiencia: a produción, de escasos rendementos, adicábase case en exclusiva ao autoconsumo. O comercio redúcese e a moeda deixa case de circular.

AS RELACIÓNS FEUDO – VASALÁTICAS

As relacións de dependencia persoal non se deron exclusivamente entre nobres e campesiños, senón que se estenderon a todo o tecido social, tendo a súa expresión máis evidente na realización dun “contrato de vasalaxe.” Por el, un individuo (por exemplo un nobre) recoñecía a súa dependencia doutro (un nobre de maior rango), a quen lle presta “homenaxe” e entre eles quedan establecidas unha serie de obrigas, baseadas na axuda e na fidelidade mutuas.

Deste xeito toda a sociedade quedaba insertada nun entramado de vencellos persoais que teoricamente proporcionaba a protección necesaria a cada individuo.

A CULTURA NA ÉPOCA FEUDAL



Na cultura desta época poden sinalarse as seguintes características:

- O cristianismo convertese na relixión maioritaria de Europa occidental. A Igrexa cristiá, e sobre todo o Papado, exerce unha enorme influencia na mentalidade e nos costumes da época.

- Por esta causa, moitas das manifestacións culturais aparecen asociadas á relixión, como sucede na arte. Ademais, a Igrexa xoga un papel de grande importancia como conservadora de certas tradicións culturais, como as procedentes do mundo clásico.

- Ao mesmo tempo, a Igrexa debe adaptarse ás características propias dunha sociedade ruralizada, co que xurden os mosteiros, nos que un conxunto de monxes ou monxas vive en comunidade en lugares apartados, cumprindo as normas establecidas nas denominadas regras. A máis destacable será a orde bieita, fundada por San Bieito en Italia a comezos do s. VI. A principal máxima da súa regra é “ora et labora.”

ACTIVIDADES

1.- Resume cada un dos tres rasgos esenciais do feudalismo empregando unha liña para cada un.

2.- Define os seguintes conceptos: alodio, reserva, orde bieita.

3.- ¿En que consistían as relacións feudo - vasaláticos? ¿Entre que grupos sociais tiñan lugar?

A ARTE ROMÁNICA


O **Románico**, ao igual que calquera manifestación artística, debe ser entendido no seu contexto, dado que é un reflexo da sociedade feudal e cristiá propia do Occidente europeo na Idade Media. A arquitectura, pintura e escultura do Románico terán unha función principalmente



relixiosa, e a súa expansión verase favorecida por elementos como o Camiño de Santiago.

Na **arquitectura**, as principais representantes do Románico son as **catedrais**, con muros grosos que permitían escasas aberturas (vans), sólidos contrafortes, bóvedas de canón e arco de medio punto.

A pranta acostuma ser de **crúz latina**, sendo moi común a existencia dun corredor (deambulatorio) na cabeceira (ábsida).



A **escultura e a pintura** destacan por representar temas fundamentalmente relixiosos, con figuras esquemáticas e ríxidas que buscan máis subliñar o carácter divino das personaxes (Cristo, a Virxe, santos, etc...) que a súa dimensión humana.

ACTIVIDADES


1.-Elabora un esquema sobre a arte Románica no que inclúas os principais trazos da arquitectura e da escultura e pintura

2.- Investiga e anota o nome dunha catedral románica

--

A Idade Media (I)

Encrucillado sobre os contidos da primeira parte do caderno



Horizontales

1. Tratado que pon fin ao Imperio de Carlomagno
5. Manifestación artística na que destacaron os bizantinos
6. Líder político e relixioso no mundo Islámico, sucesor do Profeta.
8. Centros económicos, culturais e relixiosos da Europa feudal no mundo rural
10. Adianto técnico musulmán clave para a nevagación
12. Capital omela
14. Famoso emperador bizantino

Verticales

2. Arte caracterizada pola rixidez na escultura e na pintura para subliñar o carácter divino das figuras
3. Cidade santa do Islam
4. Institución cristiá, situada en Roma, con grande influencia na cultura medieval
7. Parte do feudo
9. Capital do Imperio bizantino
11. Grupo social que aparece na Baixa Idade Media
13. Pobo xermánico